



Demetrio Gómez, onte, co petisco argentino que se serviu na comparecencia. GONZALO GARCÍA

Arxentina, país convidado no Salón do Libro de 2027, que se dedicará ao espazo

► O Concello de Pontevedra anunciou tamén as datas do evento, que se celebrará entre o 26 de febreiro e o 14 de marzo

CHUS GÓMEZ

✉ cgomez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. Arxentina será o país convidado no XXVIII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que se celebrará na cidade entre o 26 de febreiro e o 14 de marzo de 2027. Así mesmo, o evento levará por título De Pontevedra á lúa: un universo de libro, e estará dedicado ao espazo. Así o explicou onte o concelleiro de Cultura, Demetrio Gómez, nunha convocatoria na que o espírito arxentino estivo moi presente a través do mate e petiscos gastronómicos venciados con este país servidos por Vía Nai.

Gómez detallou que nada máis rematar a pasada edición xa se remitiu unha enquisa aos centros de ensino solicitando propostas para a seguinte, e que se recibiron moitas máis das esperadas, polo que non foi doada a escolla. O seguinte paso foi crear un grupo de traballo "formado por profesionais colaboradores para elixir o tema e o país convidado".

Ademais de responsables da Concellería e das empresas encargadas da animación e montaxe e escenografía, así como da dirección e a comunicación do Salón, a "novidade importante" é que se incorporaron "dúas profesoras, de Educación Primaria e de Infantil, de centros públicos de Pontevedra", explicou o edil, polo que resultou un grupo de traballo "moi produtivo".

"Pola perspectiva que achegaron" as docentes, o Concello entendeu que "precisabamos darlle un cambio" ao Salón. "Desde a perspectiva didáctica os temas que tiñamos propostos eran moi semellantes", admitiu. "O diálogo foi frutífero.

Co tema elixido para 2027 traballaranse as eclipses, a observación astronómica, a literatura de ciencia ficción e as metáforas da poesía, así como a exploración espacial ou os avances científicos. "En só dúas horas de traballo saíron todas estas ideas, imaxínade todo o que se pode facer de aquí en diante", engadiu o concelleiro.

Por outra banda, a escolla de Arxentina como país convidado encaixa na idea da "relación a través das viaxes co tema do espazo", pois "cando os galegos emigraron alá era como ir agora á Lúa, e para sempre". Gómez lembrou que en Bos Aires chegou a haber "300.000 galegofalantes", ademais de que a LIX arxentina é "excepcional".

Destacou tamén que a literatura arxentina é "excepcional", pois gañou o Premio Hans Christian

Gómez destacou o éxito da incorporación de dúas mestras no grupo de traballo de cara á organización do evento

Andersen en 2012 e a partir desa data entrou varias veces na 'short list' de autoras e autores de ilustración e narración. "É un país que pola súa relación con Galiza, as ligazóns afectivas que nos unen e polo traballo didáctico desenvolto desde Pontevedra con Arxentina en proxectos coma o do IES Luis Seoane, vainos permitir que o Salón teña moito traballo rodado".

SEGUNDO TRIMESTRE. Arxentina tamén é un deses países "que teñen relación coa cultura galega e cos que hai unha comunicación fluída", que neste caso se artellará a través do IBBY arxentino (homólogo do español, con Gáliz como delegación galega) e a través da embaixada española. "Hai interacción entre ambas culturas e temos ilustradoras e autores que viven en España, mesmo unha comunidade creativa e pedagóxica arxentina en Galicia", apuntou Eva Mejuto, directora do Salón.

En canto ás datas elixidas para a celebración, tamén se consensuaron coa comunidade escolar. "Queremos deixar unha semana de marxe antes da Semana Santa e as profesoras dixeron que esta era unha boa data, pois facéndoos no terceiro trimestre teñen máis problemas nos centros de ensino". O feito de que encaixe totalmente no inverno tamén supón unha alternativa a cuberto para o ocio infantil e familiar nas tardes e fins de semana.



El nonagenario Alonso, a la derecha, durante su visita al Oroza. CEDIDA

El CIFP Carlos Oroza comparte experiencias de sostenibilidad

► El empresario y fundador de Ecoforest, José Carlos Alonso, visitó el centro, referente nacional

PONTEVEDRA. Cuando José Carlos Alonso fundó Ecoforest hace más de treinta años, la sostenibilidad era todavía un concepto desconocido para gran parte de la sociedad. Ahora, convertido en uno de los empresarios gallegos que mejor representan la apuesta por la innovación vinculada al respeto por el medio ambiente, comparte esa experiencia con quienes dentro de pocos años liderarán otro sector llamado a desempeñar un papel clave en la transición sostenible, el de la hostelería.

Coincidiendo con la celebración del Día Mundial del Medio

Ambiente, el fundador de Ecoforest visitó ayer el CIFP Carlos Oroza para mantener un encuentro con el alumnado, conocer sus proyectos sobre cómo la innovación, la eficiencia y el compromiso con el entorno están transformando la forma de producir, consumir y trabajar.

El centro, referente a nivel nacional en sostenibilidad, cuenta con un modelo de innovación educativa en hostelería por el que ha recibido numerosos reconocimientos y es considerado uno de los mejores centros de formación profesional de toda España.

Durante el encuentro, Alonso puso en valor la importancia de incorporar la sostenibilidad como un criterio transversal en la toma de decisiones profesionales. "Las nuevas generaciones tienen la oportunidad de liderar una transformación necesaria. La sostenibilidad no es una tendencia pasajera, sino una responsabilidad que debe formar parte de la manera de entender cualquier profesión", señaló.

Además de conocer las instalaciones del centro, José Carlos Alonso participó junto al alumnado en una demostración gastronómica, en la que pudo conocer algunas de las elaboraciones desarrolladas por los futuros profesionales de la cocina y compartir con ellos impresiones sobre la importancia de combinar tradición, innovación y sostenibilidad.

El Oroza cuenta en sus instalaciones con uno de los hornos desarrollados por Ecoforest, una solución concebida bajo los mismos principios de eficiencia, calidad y respeto por el entorno que han guiado la trayectoria de la compañía desde su fundación. Más allá de la tecnología, el verdadero objetivo de la visita fue la necesidad de seguir impulsando una cultura de la sostenibilidad capaz de inspirar a quienes tendrán en sus manos la construcción del futuro.

La formación como motor de cambio

La jornada sirvió también para destacar el papel de la formación como motor de cambio. Tanto Ecoforest como el CIFP Carlos Oroza comparten una visión basada en la innovación, la excelencia y el compromiso con el entorno, valores que resultan fundamentales para afrontar los retos de futuro. En este sentido, la visita permitió tender puentes entre el ámbito empresarial y el educativo, favoreciendo el intercambio de conocimiento y experiencias entre profesionales consolidados y estudiantes que se preparan para incorporarse al mercado laboral.